

Cabaret, Cabaret

A lleo a calquera liña xeracional, Jaureguizar cultiva unha narrativa de seu, propia non dun prosista requintado, senón dun dos novelistas máis versátiles e politemáticos do sistema literario galego. Un narrador que non coida tanto os fogos de artificio estilísticos coma os verdadeiros elementos esenciais dunha novela: a estrutura, o deseño de personaxes os puntos de vista... e, sobre todo, a narratividade. Un narrador que evolucionou desde aquela súa andaina na literatura bravú, mais sen demoucar os ferrollos inconformistas e rebuldeiros da mesma. Na escrita que nos últimos anos nos vén ofrecendo Santiago Jaureguizar, xa non hai arroutadas, pero si boas doses de actitude irreverente e unha forma de narrar na que escintila o frescor e certos interrogantes que seguen a proer na nosa pel.

Tal é o caso da súa última obra, *Cabaret Voltaire*, novela gañadora do Premio García Barros. O inquérito da identidade eríxese como nuclearidade do relato de Jaureguizar, mais o mesmo permite así mesmo facer unha revisión en clave ficcional das miserias que no pasado século asolagaron e asolagan o continente europeo. O medio vehicular será unha trama cuxa síntese tiramos das palabras do mesmo autor. Durante a década dos anos 30, o porto de Ribadeo ten unha grande actividade comercial sobre todo co norte de Europa. Nessas datas, un home esperta nun hotel ribadense, sendo incapaz de de-



Nas miserías dun século



FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

terminar a súa identidade. Coida ser un enxeñeiro alemán pero máis tarde será informado de que a súa orixe é francesa, inglesa e mesmo rusa. Este personaxe de identidade variable coñece a unha peculiar serea no Cabaret Voltaire de Ribadeo. A relación amorosa que entre os dous abrolla, lévaos a fuxir cara Berlín onde el se deixa arrastrar pola maraxe nazi. Setenta anos despois regresan a Ribadeo e lembran os intres cruciais da súa peregrinación vital.

Máis que parodia de novela negra, *Cabaret Voltaire* é, na miña estima, unha pescuda identitaria e un mostrario dos grandes problemas que soportou e so-

porta Europa: a barbarie nazi e en xeral a da guerra, as miserias posbélicas, a aceda e soterrada violencia da guerra fría, a emerxencia do odio xenófobo, o choque de culturas. Pero, xaora, *Cabaret Voltaire* é unha fonda reflexión verbo da identidade. A procura da propia identidade e os enfrontamentos que a mesma orixina ao chocar con outros. K, o protagonista, procura a súa identidade na apoteose dun colectivo – o nazismo – que convertía en fanatismo un ideario identitario, excluinte e de grande intensidade. De xeito orixinal reflicte o autor os conflitos identitarios do presente século, cuxa raizame atopará o lector nesta ficción que esventra as miserias de Europa. Jaureguizar desenvolve a trama con habilidade e sen que perda interese, malia que certas preguntas non atopen respostas.

Cabaret Voltaire calificada como “nada” por algún dos rivais mediáticos de Jaureguizar, é unha boa novela na miña consideración persoal. Quizais desigual no seu ritmo: demasiado lento na primeira parte, máis acelerado na terceira e na segunda na que cómpre salientar a configuración do relato en breves capítulos que, como flashes ou instantánea, amosan os intres decisivos da parella, que vive a súa existencia no medio da tensión dunha época, a barbarie do Berlín da guerra e a escaseza e a fame do da posguerra. E como en anteriores entregas, Jaureguizar ganduxa o seu relato con esa linguaxe no que predomina a función representativa. Sen arroubos nin floreos estilísticos, o escritor tampouco nesta novela se converte en salvador da lingua, pero conta con habelencia e mestría unha historia.

JAUREGUIZAR, *Cabaret Voltaire*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 182 páxinas

ESTAMOS DIANTE, MÁIS QUE
DUNHA NOVELA NEGRA,
PERANTE UNHA FONDA
REFLEXIÓN ARREDOR DA
IDENTIDADE